

**ANUNCIO: PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS, PRESENTADAS
FORA DO PRAZO ORDINARIO NA ESCOLA INFANTIL 0-3 PRÍNCIPE FELIPE PARA O
CURSO 2025-2026**

A Deputación de Pontevedra é titular da Escola Infantil 0-3 Príncipe Felipe, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E1340C002, a dita Escola cumpre os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia e mais no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Por Resolución Presidencial núm. 2025000672, de data de 28 de xaneiro de 2025, aprobáronse as bases reguladoras do procedemento de admisión de usuarios na Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra para o curso 2025/26.

Tal e como se establece nas bases que regulan a admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe para o curso 2025/2026, procédese ao tratamento das solicitudes presentadas fora do prazo ordinario.

Considerando o establecido no artigo 105 da Lei 5/97 de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e no artigo 61.22 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no que se establece a competencia da Presidenta da Deputación Provincial para aprobar os expedientes de ingreso de persoas en establecementos provinciais.

Considerando que por Resolución da Presidencia número de rexistro 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, delégase no Deputado Don Juan Pablo Castillo Amigo as atribucións da Presidencia no Centro Príncipe Felipe, **RESOLVO**:

1º.- Admitir na Escola infantil 0-3 Centro Príncipe Felipe, para o curso 2025/2026, ós menores que a continuación se relacionan:

Nº de entrada no Rexistro	Nome da/o menor
WEB2025060569	NICO
2025007773	LARA
WEB2025060324	JULIA
2025062978	TEMPO
WEB2025067177	NOA
WEB2025071691	MARC

2º.- Non admitir na Escola Infantil 0-3 Centro Príncipe Felipe, para o curso 2025/2026:



Nº de entrada no Rexistro	Nome da/o menor	Motivo de exclusión
2025020098	ENZO	(1)
WEB2025074938	VERA	(1)

(1) Non cumprir a idade mínima esixida no momento de presentar a solicitude.

3º.- Aceptación do desestimento formulado pola persoa interesada:

Nº de entrada no Rexistro	Nome da/o menor	Data do desistimiento
2025019591	NIA	29/10/2025

4º.- A publicación do anuncio da aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas, excluídas e daquelas que desistiron do procedemento de admisión na Escola Infantil 0-3 Príncipe Felipe para o curso 2025/2026, respecto das solicitudes presentadas fora do prazo ordinario.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

